

Protocolo para o desenvolvemento da docencia nas titulacións da EEI no curso 2020-2021

Aprobado en Comisión Permanente da EEI na sesión do día 9 de outubro de 2020

Protocolo para o desenvolvemento da docencia nas titulacións da EEI no curso 2020-2021

Preámbulo

Este documento recolle as directrices xerais sobre o desenvolvemento da docencia nas titulacións da Escola de Enxeñaría Industrial ante a problemática que se deriva como consecuencia da situación sanitaria na que nos atopamos. A finalidade do mesmo é establecer unha serie de consideracións acerca de diversas casuísticas que poden acontecer durante o desenvolvemento das devanditas tarefas docentes, atendendo a distintas normativas e recomendacións emitidas por distintos organismos. Aínda que algúns dos aspectos recollidos no documento xa foron tratados e aprobados en distintas sesións da Comisión Permanente, trátase de incluír todas estas cuestións nun único documento para que sexa máis operativo de cara ós membros da EEI.

Débase ter en conta que, de ditarse calquera normativa, por parte dun órgano superior á Escola, o presente protocolo se adecuará á mesma, sendo de obrigado cumprimento o ditaminado polo devandito órgano superior. Asemade, neste documento faise referencia a distintos plans, regulamentos e protocolos de ámbito sanitario que están en continua modificación e actualización, polo que se debe sempre revisar a última versión publicada dos mesmos.

Consideracións xerais

Por Acordo da Comisión Permanente na súa sesión do 27 de xullo de 2020, tendo en conta o recollido no **“Plan de medidas extraordinarias e urxentes” aprobado no Consello de Goberno o pasado 12 de xuño**, a Escola de Enxeñaría Industrial aprobou unha proposta para que o desenvolvemento da docencia nas diferentes titulacións da EEI sexa totalmente presencial. Esta proposta baseouse no emprego de certos espazos de apoio a docencia para aquelas situacións nas que o aforo das aulas puidera non acoller á totalidade do alumnado e que o alumnado puidese seguir a docencia desde a Escola e tratar de conciliar estas con aquelas outras situacións de docencia presencial sen problemas de aforo.

Este plantexamento obedece o espírito que se recolle no preámbulo do devandito Plan:

“O carácter presencial da docencia e o normal desenvolvemento no espazo físico dos campus das actividades académicas, deportivas, culturais... é un dos signos de identidade dunha institución pública como a Universidade de Vigo. Pero esa presencialidade e ese normal desenvolvemento das actividades requiren unhas determinadas condicións de seguridade para a saúde e a vida de todos os membros da comunidade universitaria”.

Polo tanto, sempre que se dean as circunstancias que permitan o desenvolvemento dentro desta modalidade de xeito satisfactorio e baixo o cumprimento das condicións de seguridade, non se prevé outra modalidade.

Por outra banda, cando se dean circunstancias que poidan impedir o correcto desenvolvemento da docencia presencial, deberán seguirse as directrices xerais establecidas pola Universidade de Vigo e aquelas outras que fosen aprobadas pola Comisión Permanente da EEI, sempre dentro do marco xeral da Institución. En ningún caso un/ha coordinador/a pode adoptar outra modalidade de docencia diferente á establecida sen a aprobación por parte da Comisión Permanente e a súa ratificación por parte da Universidade de Vigo. Os cambios que puidesen ser necesarios realizar para un mellor desenvolvemento da docencia, sempre en beneficio de todas as partes afectadas, deben ser solicitados a través dos/as coordinadores/as das materias e estar debidamente xustificados para que poidan ser avaliados pola Comisión Permanente e poder emitir, se procede, un informe favorable a dita solicitude, agás aqueles supostos que estean xa regulados por una normativa superior específica. En todo caso, esta aprobación sempre terá que ser ratificada polo Consello de Goberno da Universidade de Vigo.

O Protocolo para o desenvolvemento da docencia nas titulacións da EEI no curso 2020-2021 debe de ter en conta as directrices sanitarias publicadas polos órganos e servizos competentes, tanto da Universidade como doutras entidades administrativas. A aplicación de este protocolo é fundamental para que se dean as garantías que se establecen tamén no citado Plan de medidas extraordinarias e urxentes.

Seguindo as recomendacións do Ministerio de Sanidad, Consumo y Bienestar Social, do Ministerio de Ciencia, Innovación e do Ministerio de Universidades, da Consellería de Sanidade e da Secretaria Xeral de Universidades, débese ter en conta durante a actividade do curso 2020-2021, o Plan de prevención e control sanitario fronte á covid-19 na Universidade de Vigo, aprobado polo Consello de goberno que entrou en vigor no mes de setembro.

O devandito plan, así como outros protocolos específicos, en continua revisión, pódense consultar actualizados na páxina web do servizo de PRL da Universidade:

<https://www.uvigo.gal/universidade/administracion-persoal/prevencion-riscos-saude-laboral>

Asemade, débese ter en conta o Plan de prevención e control sanitario fronte á COVID-19 para o curso 2020-2021 da Escola de Enxeñaría Industrial (EEI) da Universidade de Vigo, aprobada pola Comisión Permanente da EEI, cuxa versión actualizada pódese consultar no seguinte enlace:

https://eei.uvigo.es/eei_gl/escola/plan_prevencion/index.html

Por último, débense consultar as normativas, directrices e recomendacións relativas á volta á actividade presencial publicadas pola Universidade de Vigo, actualizadas continuamente na seguinte ligazón:

<https://www.uvigo.gal/universidade/comunicacion/novas/volta-actividade-presencial>

Consideracións relativas a casos confirmados ou casos sospeitosos de COVID-19

Para o control sanitario de posibles rebrotes e para o seguimento das persoas en contacto con estes, o profesorado debe de empregar o sistema de rexistro de localización de QR da Universidade, explicado na seguinte ligazón, ademais de ser recomendable empregar a aplicación Radar-covid do Ministerio de Sanidade ou a Pass covid da Xunta de Galicia:

https://www.uvigo.gal/sites/uvigo.gal/files/contents/paragraph-file/2020-09/QR_guia.pdf

No caso de non dispor de medios necesarios para o emprego dos sistema de códigos QR establecidos pola Universidade ou que exista algunha dificultade técnica que imposibilite o uso de sistema, procederase enviando un correo electrónico ó responsable COVID da sede correspondente (eei-campus.covid19@uvigo.es / eei-cidade.covid19@uvigo.es), indicando os datos completos: nome e DNI, titulación e curso, materia (no caso de ser outro tipo de actividade, deberase especificar), aula/sala e horario de presenza na mesma.

O alumnado tamén debe de rexistrar a súa asistencia polo mesmo procedemento. Asemade, recoméndase utilizar a aplicación Radar-covid do Ministerio de Sanidade ou a Pass covid da Xunta de Galicia, e seguir os protocolos establecidos nas Medidas de actuación nas aulas recollido na seguinte páxina:

<https://www.uvigo.gal/universidade/comunicacion/novas/informacion-ao-alumnado>

No caso de detectarse un posible caso, seguirase o protocolo fixado polo servizo de Prevención de Riscos Laborais (SPRL) da Universidade de Vigo e comunicarse ó responsable COVID da sede correspondente, quen o comunicará ó SPRL:

https://www.uvigo.gal/sites/uvigo.gal/files/docs/universidade/administracion/sprl/normativa/covid_positivo_gl.pdf

Sobre a Docencia

Tendo en conta a posta en marcha do sistema de rexistro a través dos códigos QR que se atopan nos diferentes espazos da Escola e o desenvolvemento dunha aplicación para o control da docencia por parte da Universidade de Vigo, este sistema establecerase como o sistema oficial para o rexistro da docencia que se viña realizando ata o de agora a través dos partes de firmas.

No caso de non dispor de medios necesarios para o emprego dos sistema de códigos QR establecidos pola Universidade ou que exista algunha dificultade técnica que imposibilite o uso de sistema, débese rexistrar a asistencia e docencia impartida a través do cumprimento nun formulario que se habilitará a tal fin e que estará dispoñible na web da Escola. En calquera caso, neste suposto, deberanse indicar os datos básicos da docencia que foi impartida (titulación/materia/curso,...) na mesma data na que foi desenvolvida a docencia.

Docencia teoría/problemas

A docencia terá lugar nos espazos asignados no calendario-horario recollidos na planificación e organización docente da Escola publicados na páxina web da Escola (https://eei.uvigo.es/eei_es/estudos/planificacion/horarios/).

O alumnado deberá situarse nos lugares previstos e no caso de non ser así, o profesorado actuará da mesma maneira que no caso de que un alumno/a se negue a empregar a máscara, tal e como se recolle nas directrices publicadas pola Universidade para o inicio do curso:

https://www.uvigo.gal/sites/uvigo.gal/files/contents/paragraph-file/2020-09/Comunicado_PDI_inicio_curso_20-21.pdf

- No caso de **non superarse o aforo máximo da aula** a docencia desenvolverase de acordo modalidade aprobada, sendo esta totalmente presencial no espazo asignado. Nestes casos non existe a obriga do emprego de outras modalidades de docencia. Non obstante, dadas as circunstancias excepcionais nas que se está a desenvolver este curso, se o docente o considera oportuno, poderá facer uso de outras ferramentas complementarias (emprego do 'Campus Remoto', gravacións,..) para o desenvolvemento da clase presencial. Este pode ser un mecanismo de gran axuda para o seguimento da docencia daquel alumnado con dificultades ou que poida ser declarado de vulnerabilidade, e sempre que non vaia en prexuízo da calidade na docencia.

- No caso de **superarse o aforo máximo da aula** a sesión deberá emitirse a través do 'Campus Remoto' e deberá facilitarse o seguimento da docencia nos espazos da Escola, tanto na aula principal asignada como nos espazos de apoio a docencia que estean establecidos pola Escola para estas situacións.

Aínda que estes espazos da apoio poden ser obxecto dalgunha axuste en función da evolución das necesidades, establécense por defecto os seguintes:

- Na Sede Cidade atópase na antiga zona de estudio da segunda planta
- Na Sede Campus atópase na zona da antiga sala de estudio
- No Edificio de Fundación, para alumnado do MEI, atópase na aula F1

Nestes casos o alumnado poderá empregar os espazos destinados para o seguimento en liña da sesión, sendo necesario estar provisto de medios (móbil, tableta, portátil, ... e auriculares). As devanditas salas contan coa electrificación necesaria para cargar os devanditos dispositivos. En caso de que algún alumno/a vos transmita que non dispón dos medios necesarios, indicarlles que poden poñerse en contacto coa Dirección da EEI, a través das subdireccións de infraestruturas, para estudar alternativas. A Escola, dentro das súas posibilidades, establecerá un sistema de préstamo para aquelas situacións que poidan impedir ó alumnado realizar o seguimento da actividade docente de maneira axeitada.

O profesorado, dentro dos recursos dispoñibles da EEI, poderá dispoñer de distintos dispositivos e periféricos, segundo a aula concreta, para facilitar a actividade docente das sesións duais, dende ordenadores nas propias aulas, tabletas dixitalizadas (tanto as que se van a distribuír por parte da Universidade para todo o PDI como as adquiridas pola Escola

para préstamo por aulas), cámaras web con micro omnidireccional, amplificación de son, etc. Para dispor destes dispositivos, contactar coa Dirección da EEI, con antelación suficiente, a través das subdireccións de infraestruturas.

Cando se trate de materias/grupos que presenten problemas de aforo constatados, aínda que este non se vexa superado en determinadas situacións, recoméndase o emprego do 'Campus Remoto' para a retransmisión da clase presencial sempre que a asistencia sexa superior as $\frac{3}{4}$ partes do aforo máximo. Non obstante, cando no desenvolvemento dunha materia con problemas de aforo, e con obxecto de incentivar a docencia presencial, a asistencia ás clases da mesma non supere as $\frac{3}{4}$ partes do aforo, non se terá a obriga de emitir a sesión a través do Campus Remoto. O obxectivo é que a docencia poida desenvolverse de xeito presencial e evitar que se se estean a dar situacións nas que non se xustifique a emisión da sesión.

No caso de superarse o aforo, co obxecto de evitar situacións que poidan resultar un agravio para o alumnado, estableceranse preferencias de acceso ó alumnado con quendas rotativas que permitan unha asistencia equilibrada de todo o alumnado presencialmente na aula principal e nas aulas de apoio a docencia. Dado que a matrícula e presencialidade do alumnado difire entre as distintas materias, será o profesorado/coordinación da materia quen comunique estas quendas ó alumnado, a través da plataforma de teledocencia ou medio habitual de comunicación profesorado-alumnado, tendo en conta as seguintes consideracións:

- No caso de que existan varios grupos de prácticas, as quendas de preferencia de acceso á sala principal se distribuirán segundo os devanditos grupos
- No caso de non existir varios grupos, farase por grupos homoxéneos por orde alfabética do alumnado
- Estableceranse quendas rotatorias entre o número de grupos (de prácticas ou por orde alfabética, segundo sexa posible) do seguinte xeito, fixándose esta rotación en todas as materias do curso-grado para as que sexa preciso:
 - o De existir 2 grupos de prácticas:
 - Semana 1: grupo 1 seguido de grupo 2;
 - Semana 2: grupo 2 e 1, etc.
 - o De existir 3 grupos de prácticas:
 - Semana 1: grupo 1, seguido de grupo 2 e seguido de grupo 3;
 - Semana 2: grupo 2, 3 e 1,
 - Semana 3: grupo 3, 1 e 2; etc.
- O acceso a aula se realizará, por parte do alumnado, seguindo a orde dos grupos establecidos como preferentes para cada semana, continuándose co alumnado do seguinte(s) grupo(s) se houbera aforo dispoñible.
- A sesión impartirase de forma presencial na aula asignada ou de forma mixta presencial na aula asignada e nos espazos de apoio a través do campus remoto, segundo sexa o caso de superarse ou non o aforo.

Docencia práctica informática/laboratorios docentes

Seguiranse os mesmos principios xerais establecidos indicados para as sesións docentes de teoría, tendo en conta o aprobado en Comisión Permanente sobre os espazos docentes de laboratorios:

- Proponse, de maneira coordinada entre a dirección da EEI e ás áreas responsables dos laboratorios docentes, establecer a capacidade de referencia para as actividades prácticas. Devandita capacidade partirá do aforo máximo establecido polo SPRL baixo o criterio actual da ratio de un alumno por cada $2,5 \text{ m}^2$ e da superficie do espazo docente do laboratorio. A devandita capacidade poderá ser axustada, de ser necesario, tendo en conta as características do laboratorio, o número de postos e a tipoloxía da práctica a realizar nas materias recollidas no POD.

- En base ó aforo finalmente acordado entre a dirección e as áreas implicadas, o profesorado/coordinación das materias poderá realizar os axustes e adaptacións pertinentes nas metodoloxías docentes para o mellor desenvolvemento dos contidos prácticos e a mellor adquisición das competencias asociadas ós mesmos.

Asemade, seguiranse as recomendacións aprobadas pola Comisión Permanente en relación a estes contidos:

- Proponse para as materias do primeiro cuatrimestre que non foron afectadas o pasado curso pola suspensión da actividade presencial, e sempre na medida do posible, e para aquel alumnado que xa as cursou previamente, gardalas total ou parcialmente (cun criterio similar o que nas PDA se computa ó alumnado de segundas e sucesivas matriculas)
- Naquelas materias nas que por problemas de restricións de acceso, proponse axustar a práctica e realizar desdobramentos en subgrupos (entendéndose que é mellor axustar os contidos e recibir parte da docencia a que non se poida impartir ningunha derivado das limitacións das condicións sanitarias, segundo recomendacións da Universidade).
- Recoméndase a virtualización e adaptación das metodoloxías docentes.
- Recoméndase facer un maior uso das aulas informáticas para aquelas prácticas que sexan susceptibles de realizarse nelas e nas que as limitacións do laboratorio docente puidesen ser importantes e/ou insalvables. Neste senso, a Escola, na medida dos espazos dispoñibles, dotou a maioría das materias das distintas titulacións e cursos de espazos en aulas de informáticas en semanas alternas, o que supón, en xeral (sen querer entrar en casuísticas concretas) a disposición de 6 semanas docentes para as, en xeral, 9 sesións prácticas para materias de 6ETCS (con carácter xeral) o que supón garantir o espazo para practicamente o 70% da carga horaria práctica promedio deste tipo de materias.
- Realizar certas actividades prácticas, ou parte das mesmas, dentro da propia aula de teoría, convertendo a sesión/aula de teoría nun espazo de aprendizaxe (coa adaptación da metodoloxía)
- Dispor de certas infraestruturas para a realización/retransmisión/virtualización das prácticas. No caso do equipamento destinado a tal fin, para facilitar a virtualización das prácticas, a Escola dispón de sistemas de gravación que podeades solicitar a través da subdirección de infraestruturas.
- Cando sexa posible, sempre dentro das posibilidades da EEI, fomentar o traballo autónomo proporcionando algún material/kit para o desenvolvemento da actividade por parte do alumnado.

Co obxectivo de evitar situacións de risco, tanto para o profesorado como para o alumnado, cando se presentes casos que estean xustificadas (similar o alumnado dentro do programa PIUNE), facilitarase a realización das actividades prácticas ben polo desenvolvemento en un grupo máis reducido/axeitado ou ben mediante o seguimento doutras actividades que o docente poida empregar para garantir a adquisición das competencias correspondentes.

Casuísticas relativas á aparición de casos confirmados/sospeitosos

- No caso de que un alumno/a sexa un caso confirmado/sospeitoso debe poñerse en coñecemento dos responsables do COVID da Escola (eei-campus.covid19@uvigo.es / eei-cidade.covid19@uvigo.es), que o comunicará o SPRL da UVigo a través do formulario correspondente. Asemade, comunicará a ausencia, se así o considera oportuno, ó profesorado das materias. O alumnado terá, nestes casos, acceso ós contidos dispoñibles nas plataformas de teledocencia das distintas materias e a poder facer uso das titorías que o profesorado pon a súa disposición. No caso de que se produza a ausencia a unha proba presencial (se é telemática, asúmese a priori a posibilidade de realizala no horario establecido) o alumnado ten dereito a solicitar ó profesorado/coordinación da materia a realización dunha proba alternativa noutra data, que poderá ser oral, telemática, etc. segundo o criterio do profesorado e o número de alumnos/as afectados. Obviamente, do mesmo xeito que para ausencias por outras causas, esta debe ser

correctamente xustificada e acreditada por parte do interesado para que o profesorado poida planificar a proba alternativa.

- No caso de que o profesorado estea en corentena/illamento, pero non de baixa, poderá impartir a sesión en liña. A devandita sesión poderá realizarse no mesmo horario previsto ó establecido no horario oficial. Neste caso, o alumnado disporá do acceso á aula docente prevista e/ou ás aulas de apoio á docencia, para o seguimento da sesión en liña. No caso de non poder impartirse nese horario, o profesorado poderá planificar co alumnado unha sesión de recuperación posterior, nun horario compatible co do curso-grado concreto, que poderá ser presencial no caso de que exista dispoñibilidade de espazos (para o cal, se contactará coa dirección da Escola a través das subdireccións de organización académica de cada sede, coa antelación suficiente) ou ben de forma remota en liña. Estes preceptos tamén son de aplicación para o profesorado considerado vulnerable polo SPRL e que así o solicite, neste caso, establecéndose, tal e como recolle a obriga de presencialidade no Centro do devandito profesorado, ditaminada pola Universidade de Vigo e que se pode consultar na seguinte instrución:

<https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/avisos/aviso/show/30163>

- No caso de que o profesorado estea de baixa, aplícase o previsto para calquera outra baixa, sen menoscabo de que recuperada a alta poida propoñer sesións de titorías adicionais, incluso colectivas, para aprofundar nos contidos.

- No caso de que un/ha profesor/s fose declarado pola Universidade cun nivel de risco que permita o desenvolvemento da súa docencia fora da aula, esta debera realizarse nas dependencias do centro, salvo naqueles casos nos que a Universidade contemple outras alternativas, debendo facer o correspondente rexistro mediante os medios establecidos polo Centro. O Departamento, en función dos casos declarados entre o seu PDI e acollidos a esta modalidade, informará ó Centro destes, así como das materias afectadas de acordo co recollido e aprobado no POD de Departamento. En coordinación co Centro, se organizará a docencia das materias afectadas de tal xeito que o alumnado poida facer o seguimento da docencia na aula física asignada nos horarios mediante a retransmisión da sesión a través do 'Campus Remoto', para o cal a Escola dotará as aulas, na medida dos recursos e casos declarados, dos medios necesarios.

A xestión da retransmisión na aula física acordarase e organizarase entre o Centro e os Departamentos implicados a través dos/as coordinadores/as das materias e profesorado das mesmas. A organización da retransmisión deberá ser comunicada ó grupo/alumnado afectado, podéndose establecer aqueles mecanismos que sexan os máis axeitados para cada situación e sempre baixo o acordo de todas as partes implicadas.

Para o control da docencia impartida nesta situacións, seguirase o mesmo procedemento que o indicado no caso de que non se empreguen os códigos QR. É dicir, mediante o cumprimento nun formulario no que o profesor/a debe indicar os datos da docencia (titulación/materia/curso) na mesma data na que foi desenvolvida a clase.

- No caso de que por Resolución Reitoral se estableza o peche ou corentena dun curso e/ou grao da EEI, seguirase o que se ditamine para o profesorado e alumnado das materias afectadas relativo ó paso a modalidade en liña.

Titorías

Recoméndase indicar ó alumnado que soliciten cita previa para o desenvolvemento das mesmas, para evitar o fluxo e aglomeración de persoas. Asemade, de acordo ás recomendacións da Universidade, pódense realizar de forma telemática (teléfono, correo electrónico, campus remoto, etc.). En calquera caso, sempre se deberá cumprir co establecido polo regulamento da Universidade de Vigo para estas actividades.

Presentación de traballos

Recoméndase, no caso de que se realicen nun horario disinto ou se precise dunha aula diferente á fixada no horario concreto da materia, planificar con antelación suficiente a sesión para buscar un horario compatible co alumnado do devandito curso-grado, e de non haber dispoñibilidade de espazos físicos, empregar espazos do campus remoto e/ou probas en liña.

Realización de probas

Recoméndase, no caso de que se realicen nun horario disinto ou se precise dunha aula diferente á fixada no horario concreto da materia, planificar con antelación suficiente a sesión para buscar un horario compatible co alumnado do devandito curso-grado, e de non haber dispoñibilidade de espazos físicos, empregar espazos do campus remoto e/ou probas en liña. No caso de que existan problemas de aforo para o desenvolvemento daquelas probas de avaliación continua, debe garantirse que todo o alumnado poida facer as probas correspondentes.

Consideracións finais.

Dadas as circunstancias nas que se enmarca a actividade docente no actual curso académico, tendo en conta que o inicio do curso comezou de xeito progresivo e nunhas datas máis tardías das dos últimos cursos, solicítase a colaboración para que se poidan desenvolver actividades complementarias e tamén que se facilite aquel material de apoio que poida axudar a reducir o impacto negativo das situación orixinadas polos desaxustes nos aforos e que o alumnado poida facer un mellor seguimento da materia. Como centro educativo de educación superior xogamos un papel moi importante para o acadar unha sociedade mellor preparada que afronte o futuro coas maiores garantías.